


Código do documento	Código do expediente
UCP13I02VT	UCP/2018/815
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5V21 6B2E 4B6A 0S34 12EO	

RBF

RESOLUCIÓN

O 18/09/2018, por Resolución 1452/2018, aprobouse o proxecto de obra denominado "Remodelación de praza e parque infantil en Vilaboa (Igrexa)", redactado pola Enxeñeira Maria Canosa Blanco

O expediente para a contratación da obra iniciouse mediante orde da sra. concelleira delegada de facenda, patrimonio e contratación.

De acordo co disposto polo artigo 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE (en adiante, LCSP) a adjudicación realizarase empregando o procedemento aberto.

Vistos os informes que emitiu a secretaria xeral sobre os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación e sobre o expediente, de carácter desfavorable, e a fiscalización deste pola Intervención Municipal.

Vistos os antecedentes que constan no expediente, o informe emitido polo xefe de servizo de economía e facenda e de acordo co disposto no artigo 117 LCSP

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o expediente para a contratación da obra denominada "Remodelación de praza e parque infantil en Vilaboa (Igrexa)", de acordo co artigo 117 LCSP. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de cláusulas técnicas.

Segundo.- Considerando as razóns expostas na memoria xustificativa do contrato e, de acordo co establecido no artigo 146.1 en relación co 145 apartados 1 e 3 LCSP, establecer como procedemento de adjudicación o procedemento aberto simplificado, ao cumprirse neste caso as condicións establecidas para elo no apartado primeiro do artigo 159 LCSP.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación e, de acordo co disposto no artigo 63 LCSP, publicar no perfil de contratante aloxado na plataforma de contratación do sector público o anuncio da licitación, a memoria xustificativa do contrato que inclúe a xustificación do procedemento empregado para a adjudicación, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato e a presente resolución de aprobación do expediente, así como o obxecto detallado do contrato, a súa duración e o presuposto base de licitación.

Cuarto.- Aprobar o correspondente gasto por importe de 269.898,8 € con cargo á partida 171-61900 do orzamento en vigor (RC220190007528).

Culleredo,
A concelleira delegada de facenda,
patrimonio e administración electrónica
(asinado dixitalmente)

Dou fe,
A secretaria xeral
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H